


FLORENCIO M. DELGADO GURRIARÁN



carlosgallegodominguez.com

CUESTIONARIO

LETRAS GALEGAS
17 DE MAIO DE 2022

 Seminario Galán.org



XUNTA
DE GALICIA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

FLORENCIO M. DELGADO GURRIARÁN



O DÍA DAS LETRAS GALEGAS FOI INSTITUÍDO POLA REAL ACADEMIA GALEGA NO ANO 1963 PARA CONMEMORAR O CENTENARIO DA PUBLICACIÓN DO LIBRO CANTARES GALLEGOS DE ROSALÍA DE CASTRO, O 17 DE MAIO DE 1863.



1. Quen instituíu o Día das Letras Galegas?

2. Que se conmemorou no ano 1963?

1

A REAL ACADEMIA GALEGA DEDÍCALE O DÍA DAS LETRAS AO POETA VALDEORRÉS FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN POLO SEU ENORME ACTIVISMO CULTURAL NA EMIGRACIÓN E POR DESENVOLVER IMPORTANTES INICIATIVAS EN DEFENSA DO NOSO IDIOMA E DA NOSA IDENTIDADE.



3. A quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas?

4. Que defendeu Florencio Delgado?

FLORENCIO NACEU NA ALDEA DE CÓRGOMO, NO CONCELLO OURENSÁN DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS O 27 DE AGOSTO DE 1903. ERA FILLO DE FLORENCIO E CONSUELO E O MENOR DOS CINCO FILLOS QUE TIVO O MATRIMONIO.



5. En que aldea de Vilamartín de Valdeorras naceu Florencio?

6. Como se chamaban seus pais?

TRASLÁDASE XUNTO CO RESTO DA FAMILIA A OURENSE, PALENCIA E VALLADOLID, ONDE FOI DESTINADO SEU PAI, QUE ERA PROFESOR DA ESCOLA DE ENXEÑEIROS AGRÓNOMOS.
EN VALLADOLID FIXO O SERVIZO MILITAR E CURSOU A CARREIRA DE DEREITO.



7. Cal era a profesión de seu pai?

8. En que cidade castelá cursou a carreira de Dereito? Arrodea.

SORIA LEÓN SEGOVIA VALLADOLID ZAMORA

4

EN 1928 A FAMILIA REGRESOU A CÓRGOMO E FLORENCIO COMEZA A TRABALLAR COMO PASANTE NUN BUFETE DE AVOGADOS DO BARCO DE VALDEORRAS. NESTE TEMPO ESCRIBE MOITOS VERSOS E PUBLICA ARTIGOS PERIODÍSTICOS CO SEUDÓNIMO DE *CORGOMÓFILO*.



9. En que localidade traballou como pasante dun bufete de avogados?

10. Queseudónimo empregaba?

5

EN VALDEORRAS INÍCIASE NA POLÍTICA, PARTICIPA EN XUNTANZAS REPUBLICANAS, E PASA A FORMAR PARTE DA IRMANDADE GALEGUISTA VALDEORRESA, COMO REPRESENTANTE DE CÓRGOMO. EN 1930 COMEZAN A CELEBRAR EN VALDEORRAS «A DIADA DE GALIZA».



11. De que irmandade política pasou a formar parte Florencio?

12. Que comezaron a celebrar en Valdeorras a partir de 1930? Arrodea.

«A DIADA DE GALIZA»

«A FESTA DO BOTELO»

6

EN 1933 FLORENCIO AFILIOUSE AO PARTIDO GALEGUISTA NO QUE EXERCEU O CARGO DE SECRETARIO DE PROPAGANDA DA EXECUTIVA .
 NESTA ÉPOCA COÑECEU A CASTELAO AO QUE LLE DEDICARÁ O LIBRO O SOÑO DO GUIEIRO.




13. Que cargo tivo no Partido Galeguista?

14. A que político e escritor galego coñeceu nesa época?

7

A EDITORIAL NÓS PUBLICA, EN 1934, O PRIMEIRO LIBRO DE FLORENCIO, *BEBEDEIRA*, UNHA ESCOLMA DE TRINTA E DOUS POEMAS DEDICADOS Á SÚA TERRA DE VALDEORRAS.
 O LIBRO FOI MOI BEN ACOLLIDO POLA CRÍTICA.



15. Completa o título do seu primeiro libro.

	E		E		E			
--	---	--	---	--	---	--	--	--

16. Cantos poemas contiña?

CO COMEZO DA GUERRA CIVIL, FLORENCIO TEN QUE FUXIR DE VALDEORRAS E DESPOIS DE PASAR POR VALLADOLID, PORTUGAL E FRANCIA CHEGA, EN 1938, A BARCELONA, ONDE SE ALISTA NO EXÉRCITO E CHEGAA SER TENENTE DO SERVIZO DE INFORMACIÓN.



17. Por que tres lugares pasou Florencio antes de chegar a Barcelona?

18. Que cargo tivo no exército? Arrodea.

CABO SARXENTO TENENTE CAPITÁN COMANDANTE

DESPOIS DA DERROTA DO EXÉRCITO REPUBLICANO, FLORENCIO, XUNTO CON CASE MIL PASAXEIROIS MÁIS, EMBARCA NO BUQUE IPANEMA CON DESTINO AO PORTO DE VERACRUZ, EN MÉXICO, ONDE INICIARÁ O SEU EXILIO.



19. Cal era o nome do barco no que embarcou Florencio rumbo a México?

20. Cantos pasaxeiros ían nesa travesía do «Ipanema»? En que porto mexicano desembarcaron?

O PARTIDO GALEGUISTA EDITA EN MÉXICO, EN 1943, *CANCIONEIRO DA LOITA GALEGA* NO QUE COLABORA FLORENCIO CON POEMAS RELACIONADOS COA GUERRA CIVIL E A RESISTENCIA ANTIFRANQUISTA.



21. Quen editou en México *Cancioneiro da loita galega*?

22. En que ano? Arrodea.

1940

1956

1943

1954

1930

FLORENCIO, AO CHEGAR A MÉXICO, TIVO MÚLTIPLES TRABALLOS ATA QUE SE EMPREGOU NUNHA EMPRESA FARMACÉUTICA NA QUE TRABALLOU ATA A SÚA XUBILACIÓN. CASOU CON CELIA TEIXEIRO, FILLA DE EMIGRANTES GALEGOS, COA QUE TIVO CINCO FILLOS.



23. En que tipo de empresa traballou durante a súa estancia en México?

24. Como se chamaba a súa muller? Cantos fillos tiveron?

COLABOROU, FACENDO TRADUCIÓNS DE POETAS FRANCESES, NO VOLUME *POESÍA INGLESA E FRANCESA VERTIDA AO GALEGO*, PUBLICADO POLA EDITORIAL GALAXIA EN 1946 E QUE FOI PREMIADO POLA FEDERACIÓN DAS SOCIEDADES GALEGAS DA ARXENTINA.



25. Cal é o nome do libro publicado por Galaxia en 1946 no que colaborou Florencio facendo traducións de poetas franceses?

26. Por quen foi premiado?


FOI UN DOS CREADORES DO PROGRAMA RADIOFÓNICO EN GALEGO *A HORA DE GALICIA* QUE ESTIVO EN ANTENA EN MÉXICO TODOS OS DOMINGOS DURANTE CASE VINTE ANOS.



27. Cal era o nome do programa de radio creado, entre outros, por Florencio?

28. Cantos anos estivo en antena?

TAMÉN FOI UN DOS FUNDADORES, EN 1959, DA REVISTA EN GALEGO *VIEIROS*, CON LUÍS SOTO E CARLOS VELO.
DEIXOUSE DE EDITAR EN 1968, DESPOIS DE PUBLICAR CATRO NÚMEROS.



29. Cal é o título da revista creada en 1959?

30. Cantos números se editaron nos seus case vinte anos de existencia?


EN *GALICIA INFINDA*, PUBLICADA POR EDITORIAL GALAXIA, EN 1963, REÚNESE UNHA BOA PARTE DOS SEUS POEMAS DE POSGUERRA, AGRUPADOS EN CINCO PARTES: *CANTARENAS*, *VALDEORRAS*, *CASTIÑEIROS*, *VARIA* E *POEMAS MEXICANOS*.



31. Que editorial publicou *Galicia Infinda*?

32. Cales eran as cinco partes do libro?

CANTARENAS, PUBLICADO EN 1981 POR EDICIÓNS DO CASTRO, RECOLLE POEMAS DE *BEBEDEIRAS* E OUTROS NOVOS: *VALDEORRESAS* E *DIONISIAS*. O TEMA CENTRAL DOS SEUS POEMAS SON AS TERRAS DE VALDEORRAS E O MUNDO DO VIÑO.



33. En que ano se publicou *Cantarenas*?

34. Que dous temas centrais ten *Cantarenas*?

O *SOÑO DO GUIEIRO*, PUBLICADO POR EDICIÓNS DO CASTRO EN 1986 ESTÁ DEDICADO AO SEU AMIGO CASTELAO E RECOMPILA POESÍAS DE LOITA, DE COMBATE, DA GUERRA CIVIL, DA POSGUERRA E DO EXILIO.



35. A quen está dedicado *O soño do guieiro*?

36. En que ano foi publicado por Edicións do Castro?

EN TRES OCASIÓNS VOLVEU FLORENCIO A GALICIA. NA SÚA ÚLTIMA VISITA, EN 1981, FOI RECOÑECIDO, NUN ACTO CELEBRADO NO CASINO DO BARCO DE VALDEORRAS, COMO MEMBRO CORRESPONDENTE DA REAL ACADEMIA GALEGA.




37. Cantas veces visitou Galicia? Arrodea.

4 6 9 3 7 1

38. Con que título foi recoñecido pola Real Academia Galega en 1981?

FLORENCIO FALECEU EN FAIR OAKS, CALIFORNIA (EEUU) O 14 DE MAIO DE 1987, CANDO VISITABA UNHA DAS SÚAS FILLAS. AS SÚAS CINZAS FORON TRASLADADAS A CÓRGOMO O 12 DE XULLO DESE MESMO ANO.



39. En que cidade californiana faleceu?

40. A quen visitaba en Fair Oaks?

NOME: _____

CURSO: _____